



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 27 DE ABRIL DO 2017.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ
(PSOE)

Concelleiros/as :

D. RICARDO GONZALEZ AMARO
(PSOE)
D^a. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)
D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN
(PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ
TRAVIESO (PSOE)
D. CESAR MANUEL FERNANDEZ
GIL (PP)
D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ
(PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ
(PP)
D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ
(AGRUPACION DE ELECTORES
RIBEIRO EN COMUN)
D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ
(CxG-CCTT)

Secretario:

Francisco Fernández Castro

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez

No salón de sesións do Concello de Ribadavia sendo ás vinte horas do día vinteseite de abril de 2017 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Francisco Fernández Castro, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Don Vicente Soto Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 30 DE MARZO PASADO (ORDINARIA).

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 30 de marzo de 2016 (ordinaria) manifestando o concelleiro do PP don Celso Sotelo Barroso que nun dos seus rogos indicaba que a herba das xardineiras na rúa Ribeiro alcanzaba o medio metro, que se refería a herba con esa corrección a acta resulta aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- DACIÓN DE CONTA DE: A) DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 27 de marzo; dúas, sobre aboamentos.

Do 28 de marzo; tres; unha, sobre concesión servizo axuda no fogar; dúas, sobre aboamentos.

Do 29 de marzo; cinco; tres, sobre expedición tarxetas accesibilidade; unha, sobre reposición legalidade urbanística; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de marzo; oito; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; unha, sobre fraccionamento débeda :dúas; sobre bonificación IVTM; dúas, sobre liquidación taxa por servizo extinción incendios e outros; dúas, sobre aboamentos..

Do 31 de marzo; seis; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre baixa taxa alcantarillado; unha, sobre alta no Padrón Municipal Habitantes; dúas, sobre aboamentos.

Do 03 de abril; seis; catro, sobre liquidación taxa por servizo extinción incendios e outros; unha, sobre baixa taxa alcantarillado; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de abril; sete; unha, sobre ocupación espazo público; unha, sobre compensación pago; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre baixa taxa alcantarillado; unha, baixa taxa servizo augas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 05 de abril; trece; unha, sobre arquivo expediente unha, sobre baixa taxa alcantarillado; unha, sobre exención IVTM; unha, sobre bonificación IVTM; seis, sobre liquidación plusvalía; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de abril; catorce; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; catro, sobre baixa taxa alcantarillado; tres; sobre liquidación plusvalía; dúas, sobre fraccionamento débeda tributaria; unha, sobre alta no Padrón Municipal habitantes; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de abril; dez; dúas, sobre baixa taxa alcantarillado; unha, sobre expedición tarxeta accesibilidade; unha, sobre exención IVTM; unha, sobre alta no Padrón Municipal Habitantes; unha, sobre ocupación via pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; tres, sobre aboamentos.

Do 10 de abril; cinco; unha, sobre baixa taxa alcantarillado; unha, sobre incoación expediente restauración legalidade urbanística; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de abril; tres, unha, sobre ocupación via pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de abril; tres; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; dúas, sobre eficacia comunicación previa obra.

Do 17 de abril; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre permiso por enfermidade de familiar; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de abril; catro; unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obra; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 19 de abril; once; dúas; sobre baixa taxa alcantarillado; dúas, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación IVTM; tres; sobre liquidación taxa servizo extinción incendios e outros; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 20 de abril; once; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre permiso por matrimonio; unha, sobre ocupación via pública; unha, sobre eficacia comunicación previa cambio titularidade actividade; unha, sobre adopción medias urxentes para evitar riscos; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Do 21 de abril, sete; dúas, sobre bonificación IVTM; unha, sobre exención IVTM; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre convocatoria Xunta Goberno Local; dúas, sobre aboamentos.

Do 24 de abril, cinco; unha, sobre devolución ingresos indebidos; unha, sobre bonificación IVTM, unha, sobre delegación competencias; unha, sobre arquivo expediente; unha, sobre aboamentos.

Do 25 de abril, nove; tres; sobre baixa taxa alcantarillado; unha, sobre baixa IVTM; unha, bre comunicación inspección inmoible; unha sobre inscrición no Rexistro Municipal Cemiterio; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos

3.-PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.-

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 20 de abril de 2017, co seguinte tenor literal:"

A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E INFORMATIVA DE FACENDA NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 20 DE ABRIL DE 2017 ACORDOU O SEGUINTE DICTAME:

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

De seguido o Sr. Presidente da conta da proposta que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente a Ordenanza Municipal Reguladora da Administración Electrónica nos termos que figura no expediente.

SEGUNDO.-Someter dita ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas polo pleno da corporación . De non **presentarse reclamacións ou** suxestións no mencionado prazo considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo pleno.

Asi mesmo estara a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello.

TERCEIRO.-Facultar ao alcalde para suscribir e asinar toda a documentación relacionada co asunto.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstéñense os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

D Manuel Vázquez López (Compromiso por Galicia- Concellos Transparentes): Solidarizome coas familias vítimas do naufraxio de Combarro. En canto á proposta, non cabe debate é unha imposición que ven da lei.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Hai que dotar de axilidade ao concello, achegar o concello á cidadanía. É unha medida similar a adoptada en outros concellos.

D Xacobe García Soto (BNG).- A administración electrónica axiliza os trámites, facilita aos cidadáns.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Como non participamos na redacción da ordenanza nos imos a abster.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- É un paso máis na modernización da administración.

Sometida a votación o ditame da Comisión informativa prodúcese o seguinte resultado: votos a prol , oito(PSOE,Compromiso por Galicia, BNG e RBC) abstención , cinco (PP), por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada.

4.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO COMPROMISO POR GALICIA PARA A RECUPERACIÓN DO ENTORNO DE SANTO DOMINGO E PROHIBICIÓN DE ESTACIONAR VEHÍCULOS.-

Dase conta polo secretario do Ditame da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes do seguinte tenor literal:

QUE A COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVICIOS MUNICIPAIS, MEDIO RURAL E DEPORTES NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 20 DE ABRIL DE 2017 ACORDOU O SEGUINTE DICTAME:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPROMISO POR GALICIA – CONCELLOS TRANSPARENTES PARA A RECUPERACIÓN DO ENTORNO DE SANTO DOMINGO E A PROHIBICIÓN DE ESTACIONAR VEHÍCULOS ALÍ

D Manuel Vázquez López voceiro do grupo municipal de Compromiso por Galicia, no concello de Ribadavia, vén a formular para o seu debate e aprobación, se procede, dacordo coa seguinte exposición de motivos:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Tendo en conta que cada día máis senté visita o noso pobo e os seus monumentos histórico-artísticos , entre eles o de Santo Domingo(un dos conventos da orde máis vello de Galicia, de estilo gótico) sería bo arranxar o entorno con algunha actuación que o fixese máis vistoso se cabe, e a súa vez prohibir definitivamente o estacionamento de vehículos.

ACORDO:

Primeiro.- Instar o goberno municipal a que tome en conta esta suxerencia, entendendo que será unha actuación importante para seguir consolidando o turismo en Ribadavia.

Sometido a votación o ditame da Comisión Informativa resultado aprobado por unanimidade.

D Manuel Vázquez López (Compromiso por Galicia. Concellos Transparentes).- É un dos entornos máis bonitos e antigos da nosa vila. Hai que facer respectar a prohibición de aparcar; moita xente visita o monumento , sería mellor sacar as fotos sen coches. Non costaría moito.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha postura positiva e lóxica, coincidimos 100% coa exposición de motivos. É só un dos puntos de interese histórico do noso municipio, o noso grupo xa ten demandado a mellora do noso patrimonio histórico , sería necesario un plan con todos os monumentos. É unha pena a obra que un promotor fai no mirador, o noso grupo se manifestou en contra; aquel goberno negociaba cunha familia a adquisición dunha parcela para a ampliación do asilo. É unha pena que aquel goberno non adquirise a parcela na que se constrúe o edificio , que aínda que cumpre todos os requisitos legais, afecta ao entorno de Santo Domingo , é unha perda para a panorámica de Santo Domingo. Poderíase facer un parque en socalcos. Apoiamos a moción, é un sitio de gran potencial turístico, un espazo a recuperar. A prohibición de aparcar xa existe, hai que facela cumprir.

D Xacobe García Soto (BNG).- A ordenanza xa prohíbe aparcar, non debía ser necesario presentar a moción. A oposición pedimos que se convoque unha comisión de tráfico para correxir este e outros temas. Concordamos coa mellora do patrimonio histórico , o noso voto é a favor.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Nos non recibimos a moción, pero imos votar a favor. Todo o que sexa recuperar patrimonio estamos a favor, a prohibición de aparcar xa existe, hai que facer que se cumpra.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Estamos de acordo coa moción na súa literalidade. A mellora do entorno de Santo Domingo foi a primeira obra que conqueu o actual alcalde como deputado provincial. A Asociación de recuperación do patrimonio histórico e relixioso vai a presentar en breve varias iniciativas. Estamos a prol.

Sometido a votación o ditame da Comisión Infomativa é aprobada por unanimidade.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

5.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE POLA BIODIVERSIDADE FRONTE Á EUCALIPTIZACIÓN.-

Dase conta polo secretario do Ditame da Comisión Informativa de Cultura e Medio Ambiente, de data 20 de abril de 2017, do seguinte tenor literal:

QUE A COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA E MEDIO AMBIENTE NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 20 DE ABRIL DE 2017 ACORDOU O SEGUINTE DICTAME:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE POLA BIODIVERSIDADE FRONTE A EUCALIPTIZACIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto entra en vigor o Catálogo Español de Especies Exóticas e Invasoras, co obxecto de reforzar a protección do medio ambiente e a biodiversidade. O problema causado por esas especies foi considerado prioritario dentro da Estratexia da Biodiversidade da Unión Europea para o ano 2020, aprobando o Regulamento 2016/1141 sobre especies exóticas e invasoras.

Dende os anos 60, Galiza, Asturias, norte e centro de Portugal e sur-oeste de Andalucía foron territorios repoboados coa especie exótica *eucalipto*, para abastecer as fábricas de pasta de papel con esta madeira. O que nun principio pareceu que se trataba de dispor dun número determinado de hectáreas desa especie, co paso do tempo foi incrementándose exponencialmente. Dende as 130.000 ha do ano 1973, segundo o primeiro inventario forestal do estado (IFN), en 2016 chega a ocupar na Galiza máis de 450.000 ha entre masas puras e mixtas (con outras especies), o que representa practicamente a quinta parte do monte galego. E dicir, os eucaliptais medraron en superficie un 300% en 43 anos.

Dito incremento asóciase a varias causas. Aparte das repoboacións voluntarias apoiadas e subvencionadas dende a administración como único cultivo forestal alternativo, destaca o avance descontrolado cara a terras abandonadas por espallamento da semente, agravado polos incendios forestais, cando se dan as mellores condicións de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

propagación pola velocidade do lume e o lanzamento de muxicas (poden chegar a máis dun km, cos conseguintes riscos para a poboación do entorno)

Nos últimos 40 anos, a superficie invadida pola semente de eucalipto só a consecuencia dos lumes forestais estímase en máis de 25.000 ha, aumentando o avance descontrolado desta especie. Ademais, os eucaliptais convértense en terreos con escasa biodiversidade, debido aos aceites esenciais das follas, que forman ao caer unha capa sobre o chan cunha baixa taxa de descomposición. Por outra banda, as raíces procuran humidade e auga chegando a percorrer máis de 50 m en eucaliptos de 25 m de altura, penetrando en depósitos e mananciais, e creando unha maraña superficial que impide a filtración das augas cara aos acuíferos.

Dende o punto de vista económico, cómpre engadir que moitos dos eucaliptais que pasaron dos tres aproveitamentos (tres cortas), pola perda de rendibilidade para o propietario quedan totalmente descoidados, con proliferación de abrochos de cepa, xerando espazos impenetrables de varas carentes de valor económico que fican nese estado ata que volven ser pasto do lume, incrementando a superficie de áreas degradadas. Na actualidade, aproximadamente 175.000 ha con eucaliptos están nesta situación.

O Plan Forestal de Galiza de 1992, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego para un período de 40 anos, que contemplaba poñer freo ás repoboacións de eucalipto, resultou un auténtico fracaso. Partía das referencias do Inventario Forestal Nacional (IFN) do ano 1986, onde os eucaliptais ocupaban 220.000 ha (a proliferación xa era notoria dende o inventario anterior). Analizando a secuencia evolutiva dos eucaliptais entre masas puras e mixtas na Galiza:

- 1973: I Inventario Forestal Nacional: 131.800 hectáreas.
- 1986: II Inventario Forestal Nacional: 220.000 hectáreas.
- 1998: III Inventario Forestal Nacional: 350.000 hectáreas.
- 2016: Máis de 450.000 ha.

Evidénciase que no período de control previsto no Plan Forestal de Galiza, só entre 1992 (ano da súa publicación) e 1998, a superficie de eucalipto aumenta en 60.000 hectáreas; é dicir, en seis anos excédense as previsións totais do plan de 40 anos.

Asemade, a proliferación do eucalipto ven acompañada de pragas e enfermidades, (algunhas foráneas, que chegaron coa importación de madeira desa especie), insectos



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

como a *Phoracantha semipunctata*, o *Gonipterus scutellatus* (gorgullo do eucalipto) e fungos. Isto leva aos produtores e ás empresas pasteiras a aplicar insecticidas e funxicidas de forma extensiva e intensiva, con grande contestación social por empregar glifosato (de efectos nocivos para a saúde animal) para diminuír a carga do sotobosque, flufenoxurón (co nome comercial de “Cascade”, altamente perigoso) para combater o gorgullo, e a loita biolóxica coa solta de avispiñas *Anaphens nitens*, insecto foráneo.

A FAO tense pronunciado sobre as plantacións de eucaliptais novos (12-15 anos), que son os que chegan á quenda de corta ideal das fábricas de pasta de papel. Segundo a FAO, estas especies de medra rápida “non regulan tan ben o caudal hídrico coma os bosques naturais, as fortes e longas raíces superficiais fan que compitan coa vexetación rasante e cos cultivos veciños cando a auga escasea. Os eucaliptos non dan bos resultados para conter a erosión en condicións de seca, rematan coa vexetación rasante absorbendo a auga coas súas raíces. A tala continuada de eucaliptos a matarrasa (único método de tala utilizado), orixina un rápido esgotamento dos nutrientes do solo e impide o desenvolvemento de prantas-herbas de ciclo anual. Os eucaliptos desprazan os ecosistemas anteriores, apenas se constata a existencia de fauna, e reducen a biodiversidade”.

Se analizamos a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe, Florencia 2000, que entrou en vigor no Estado en 2008, adaptado na Galiza coa Lei 07/2008 de Protección da Paisaxe de Galiza, e a Directiva Europea 2014/52/UE que avalía os proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, sendo de aplicación as repoboacións e intervencións nos montes, pode comprobarse que as administracións responsables fan caso omiso das recomendacións. É evidente o impacto que as repoboacións con eucaliptos e o seu espallamento tiveron, teñen e terán sobre o territorio galego de non modificarse as condicións actuais, nas que se ignoran os aspectos recollidos nas directivas europeas e na lexislación estatal e autonómica en materia de protección da paisaxe, e que dan como resultado centos de hectáreas continuadas, moitas delas afectadas por pragas, producindo anormalidades ambientais como a diminución dos caudais de pozos e mananciais, solos sen biodiversidade, carencia de fauna, contaminación por tratamentos químicos, etc.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Polo tanto, existen motivacións suficientes para que o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño proceda á inclusión do eucalipto como especie exótica e invasora no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do Estado Español, e de non ser así, que o Parlamento do estado español se pronuncie sobre o asunto. Ademais, propónse a adopción das medidas inmediatas URXENTES que se enumeran a continuación, mentres non se elabore unha nova normativa reguladora que as inclúa na Lei de Montes.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno do Concello de a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a declaración do Concello de : **“Menos eucalipto e máis biodiversidade”** nos seguintes termos: **Co fin de frear o esgotamento e desertización do solo e a ameaza ecolóxica que a especie exótica do eucalipto supón para os nosos ecosistemas, o Concello de declárase a prol da biodiversidade, do mantemento, conservación e recuperación sostible da flora e a fauna autóctona da nosa terra.**

Segundo.- Solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño a inscrición do eucalipto no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras do estado español.

Terceiro.- Coa inclusión no Catálogo de Especies Exóticas e Invasoras, e tendo en conta o impacto que podería ter tal resolución sobre algúns propietarios de montes, mentres non se elabore unha normativa para regular a superficie ocupada polo eucalipto adoptaranse as seguintes medidas de carácter urxente, mediante normativa vinculante para as comunidades autónomas:

- Paralización de novas plantacións de eucalipto.
- Eliminación desta especie dos espazos sensibles (os incluídos na Lei de Espazos Naturais e Rede Natura).
- Eliminación do eucalipto nun prazo de cinco anos das terras agrarias ocupadas dende o Inventario Forestal Español, como primeiro paso na recuperación destes terreos.
- Eliminación desta especie nun radio de 100 m dos mananciais e marxes de regatos e ríos nun prazo de cinco anos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

- Ruptura da continuidade das masas forestais de eucalipto en montes veciñais en man común cada cinco hectáreas, con distancias mínimas de separación entre masas de 100 metros sen esa especie, e en terreos privados particulares cunha separación de 25 metros cada 0,5 hectáreas ocupadas por eucaliptos.

- Separación de 200 metros de calquera ben inmovible, dos pastos e das zonas agrarias.

- Instar ás administracións a que se doten de orzamento destinado a conceder axudas para o cumprimento destas medidas.

CUARTO.- Trasladar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, á Consellaría de Medio Rural, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e ao Parlamento Europeo co obxecto de que esta especie se inclúa tamén dentro do Catálogo Europeo de Especies Exóticas e Invasoras.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváanse para o Pleno os membros do P.P., e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente.

Dona María López Touza (PSOE).- A moción está ben explicada, se basa en leis xa aprobadas. O eucalipto é unha especie invasora, non me gustaría que o concello de Ribadavia se convertese nunha zona chea de eucalipto como a provincia de Pontevedra.

D Manuel Vázquez López (CxG, CC-TT).- A moción está moi ben argumentada, imos votar a favor.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha moción análoga as presentadas en outros concellos.

O concelleiro de Ribeiro En Común don Brais Fidalgo Martínez formula a seguinte engadega á moción:” Reclamamos fondos e iniciativas para a eliminación da mimosa no Ribeiro e no concello de Ribadavia”

D Xacobe García Soto (BNG).- Esta engadega reflicte a realidade do país. A actuación de Raíces deu lugar a manifestación de Santiago. No Ribeiro non temos eucalipto, que é unha especie invasora , non un cultivo. En Galicia ocupa moito terreo, en Portugal está prohibido. A prohibición do eucalipto é unha necesidade por biodiversidade e por cuestións hídricas. A moción supón unha transición tranquila para os afectados.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

D César Manuel Fernández Gil (PP):- Estamos a favor, esta cuestión, por sorte, non afecta a Ribadavia, e aquí é case anecdótica. A mimosa sí afecta a Ribadavia e ao Ribeiro, e estamos de acordo nese punto.

D María López Touza (PSOE).- Me parece ben a engadega, no noso entorno non hai eucalipto pero hai que conquistar que non se plante.

Alcalde.- Estamos de acordo coa engadega.

Sometido a votación o ditame da Comisión Informativa coa engadega presentada por Ribeiro en Común resulta aprobada por unanimidade.

6.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. DE RIBADAVIA SOLICITANDO O CAMBIO DE UBICACIÓN DA FEIRA QUINCENAL DOS DÍAS 10 E 25 DE CADA MES.-

Dase conta polo secretario do Ditame da Comisión Informativa de Servizos Municipais, Medio Rural e Deportes de data 20 de abril de 2017 do seguinte tenor literal:

A COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVICIOS MUNICIPAIS, MEDIO RURAL E DEPORTES NA SÚA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 20 DE ABRIL DE 2017 ACORDOU O SEGUINTE DICTAME:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE RIBADAVIA SOLICITANDO O CAMBIO DE UBICACIÓN DA FEIRA QUINCENAL DOS DÍAS 10 E 25 DE CADA MES.-

De seguido o Sr. Presidente da conta dunha moción presentada polo voceiro do Partido Popular que se acha no expediente e que de seguido transcríbese:

Exposición de motivos

O pasado 1 de febreiro de 2017 dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia presentabamos un escrito solicitando copia do Plan de Emerxencias e /ou evacuación, no que se sinalase o procedemento de actuación ante emerxencias, tanto da Casa da Cultura, o asilo Nosa Señora dos Anxos, a sede da Policía Municipal, a sede de Correos, o bloque de vivendas anexo á Casa da Cultura e o edificio da Rúa Eladio Rodríguez, mentres se celebra a feira dos días 10 e 25 de cada mes.

É por toda a corporación é coñecido que a feira que se celebra en Ribadavia os días 10 e 25 de cada mes implica o corte de varias rúas do núcleo de Ribadavia, coma é o caso de parte da rúa Progreso, a rúa Virxe do Portal, parte da avenida de Redondela, parte da rúa Celso Emilio Ferreiro, a rúa San Lázaro e a rúa Eladio Rodríguez. Esta ubicación conleva que dotacións municipais como a Casa da Cultura, o asilo Nosa Señora dos Anxos, a sede da Policía Municipal ou mesmo a sede de Correos queden totalmente bloqueados durante as horas que dura a feira. Esta mesma situación de illamento ou bloque reproducese en edificios privados como é o caso do bloque de vivendas anexo á Casa da Cultura e o edificio situado na rúa Eladio Rodríguez.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Da resposta recibida ao escrito referido no inicio da moción despréndese que non existe un plan específico de emerxencias e evacuación para estas dotacións municipais nos días de feira, e podemos comprobar que nin sequera existen protocolos específicos de actuación en caso de emerxencias nestes edificios durante a duración da feira. De feito, do propio informe da policía local que se adxunta á resposta que o goberno da á nosa solicitude despréndese que as actuacións ante calquera tipo de emerxencia a día de hoxe dependen en gran medida da colaboración dos propios vendedores ambulantes que deben retirar o máis rápido posible os seus postos en caso de que fose necesaria a entrada dun vehículo de emerxencias.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia entendemos que cando estamos a falar de seguridade pública hai que minimizar riscos establecendo protocolos claros e ben definidos de actuación ante as emerxencias, e non fiar a actuación ante unha emerxencia a circunstancias puntuais como unha maior ou menor celeridade á hora de desmontar un posto de venda ambulante. Creemos que merece especial atención o caso do asilo de Nosa Señora dos Anxos, xa que dadas as características dos residentes que na súa meirande parte son persoas de avanzada idade, existe unha maior susceptibilidade de ter que atender algunha emerxencia sanitaria nestas dependencias polo que entendemos que debería estar absolutamente garantido o acceso dunha ambulancia de xeito inmediato a estas instalacións.

Pero non só falamos de urxencias sanitarias xa que, por exemplo, en caso de incendio sería moito máis complexo permitir acceder a un vehículo moto-bomba de extinción de incendios dadas as dimensións dos mesmos e tendo presente o espazo que queda na rúa nos días de feira entre os postos e a xente que se atopa mercando.

Cómpre lembrar que no caso de actuacións ante emerxencias, cada segundo pode ser fundamental para evitar un fin dramático dos acontecementos, polo que entendemos que, dado o exposto anteriormente a actual ubicación da feira quincenal non é a máis axeitada xa que implica o corte de varias rúas do núcleo de Ribadavia, como é o caso de parte da rúa Progreso, a rúa Virxe do Portal, parte da Avenida de Redondela, parte da rúa Celso Emilio Ferreiro, a rúa San Lázaro e a rúa Eladio Rodríguez dificultando a atención e resposta ante emerxencias en moitas instalacións e dotacións municipais, así como en vivendas privadas.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos que estes perigos poden evitarse de xeito sinxelo con un simple cambio de ubicación da feira quincenal, retirándoa das rúas para deste xeito evitar o corte das mesmas e a situación de inseguridade que se produce en dotacións municipais como o asilo nos días de feira.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos que existen en Ribadavia diferentes localizacións nas que se podería establecer a feira pero, ao noso xuízo a ideal sería a Alameda de Ribadavia, un espazo que, por certo, xa albergou antigamente a feira quincenal. Dende o noso punto de vista trasladando a feira á Alameda conséguese, dunha banda, evitar problemas de inseguridade pública como os anteriormente relatados pero, ademais, tamén pode facilitar as labores de limpeza, ao



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

estar todo o lixo que se poida xenerar concentrado no mesmo espazo ,e tamén supón unha mellora significativa da fluidez do tráfico nos días de feira.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo:

1 Instar ao goberno municipal a cambiar a ubicación da feira quincenal que se celebra os días 10 e 15 de cada mes, retirándoa da rúa e concentrándoa na Alameda de Ribadavia para , deste xeito, evitar os problemas de inseguridade pública, de resposta ante emerxencias e de tráfico que se derivan do feito de ter cortadas parte da rúa Progreso, a rúa Virxe do Portal , parte da avenida de Redondela, parte da rúa Celso Emilio Ferreiro , a rúa San Lázaro e a rúa Eladio Rodríguez.

De seguido sometese a votación ordinaria moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (P.P.) reservanse para o Pleno Agrupación de Electores Ribeiro en Común, P.S.O.E., Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes e B.N.G.. Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada favorablemente.

Alcalde.- Sería mellor falar dos días en que se celebra a feira porque non sempre son os días 10 e 25.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- É certo que a feira non é sempre os días 10 e 25, igual sería mellor falar simplemente dos días da feira quincenal. En febreiro se pediu o plan de evacuación e emerxencias do asilo, correos, anexo da Casa da Cultura, etcétera...

Se nos resposta cun informe da Policía Local sobre o plan de evacuación para a feira, non concorren máis de vinte mil persoas e non hai plan de evacuación. En caso de urxencia nas instalacións municipais non hai protocolos para emerxencias, nos preocupa especialmente o tema do asilo polas características propias das persoas afectadas. Non debe condicionar o acceso de vehículos de emerxencia a celeridade en desmontar os postos de venda. O lugar idóneo para a feira sería a Alameda, xa a albergou anteriormente. Con esta medida de traslado á Alameda se aporta seguridade ante situacións de emerxencia e se resolven problemas de tráfico. Permitiría revitalizar a feira quincenal e dar resultados positivos en varios órdenes. Agradeceríamos que os demais grupos pensasen o mesmo. Isto non quita da necesidade de protocolos específicos de seguridade para cada edificio municipal. Pedimos o respaldo de todos os grupos.

D Manuel Vázquez López (CxG, CC-TT).- Me alegro de que propoñan esta moción porque foi o PP o responsable do cambio de ubicación da feira. Debería convocarse unha xunta de portavoces, hai que comprobar si caben na Alameda todos os postos e pedir un informe á Policía local. Habería que estudar en xunta de portavoces se hai outra posible ubicación, incluso estudar a posibilidade de cambiar o día de celebración , ten que facerse cando a xente cobre para poder mercar.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha moción que toca varios planos, non é nada simple. No aspecto da seguridade estamos de acordo. No aspecto do comercio están afectados os traballadores da venda ambulante e os comerciantes de Ribadavia. Tamén un concello aberto debería recabar a opinión dos veciños que viven nas rúas afectadas. Compromiso por Galicia pide unha xunta de portavoces, Ribeiro en Común pide unha comisión de comercio coa presenza dos comerciantes. A solución debería ser por consenso de todos os afectados e que dende o concello se busquen mecanismos de consulta. Sería positivo que unha marxe da rúa quedase libre.

D Xacobe García Soto (BNG).- Descoñezo a argumentación do PP no seu momento para fixar a actual ubicación, foi unha decisión mal acollida. Bloquea unha das arterias de saída da vila, inhabilita case o 100% do barrio, o tránsito e o acceso aos servizos. Non é un tema baladí, ten moitas implicacións. A Alameda é un sitio agradable, pero non sabemos se ten capacidade para acoller todos os postos.

D Javier Iglesias Sendín.- Os distintos grupos expuseron diversos argumentos pero non se menciona aos propios feriantes. Eses días se fixaron para non coincidir con outras feiras. Toda a feira cos cento dous postos non cabería na alameda, se necesitarían 656 metros lineais, tres metros de fondo, e hai necesidade de separación entre postos. En parte da Alameda non é posible o acceso de vehículos para levar a mercancía, hai postos que necesitan o vehículo para poñerse como os da froita ou de calzado. Habería que falar co colectivo de feriantes, o traslado á Alameda é inviable técnicamente. Non nos opoñemos, nos imos a abster.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Unha moción ao saír aprobada, logo se pode ver cómo se executa. Hai acordos plenario que non se executan. Non sabía que fai o PP o que cambiou a ubicación nin polo tanto o motivo. Se o PP tomou no seu momento esta decisión, se hai un cambio das circunstancias o grupo actual do PP pode pedir o cambio de ubicación. Hai un traballo longo detrás de esta moción, dende febreiro se falou con moita xente. Si se aproba esperamos que se execute, hai un problema de seguridade importante. Igual o cambio da ubicación a pode explicar don Manuel Vázquez López que entón era militante do PP.

D Manuel Vázquez López (CxG, CC-TT).- O ideal sería unha xunta de portavoces cos colectivos afectados. Eu fun evolucionando políticamente e don César Fernández tamén, pero en outro sentido.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Eu sí mencionei aos feriantes, a súa opinión é fundamental. Se pode cambiar á Alameda na medida do posible, e baleirar algunhas rúas, por exemplo, unha parte da rúa Virxe do Portal. Pedimos unha xuntanza da Comisión de comercio que haxa unha visión técnica, sectorial e económica.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

D Xacobe García Soto (BNG).- Non se pode facer unha modificación sen falar cos principios afectados. A Alameda está infravalorada, tamén podería estudiarse o barrio vello. A delimitación do recinto feiral inicialmente era máis pequeno, vai crecendo e se vai máis alá do castelo.

Alcalde.- Dos que están na Corporación o que falei cos feriantes fun eu, e eu fixen o cambio de ubicación. O PP se ve que falou pouco coa xente, porque as alternativas que plantexan non son as que queren os feriantes. Hai que incorporar aos feriantes á Mesa de Comercio. Na reunión que se celebrou se levantaron parte dos comerciantes. Sempre se pode plantexar un problema de seguridade , pero nos días da feira hai máis policía local e máis persoal do grupo de emerxencia que nunca. O PP extendía a feira ata a parte de abaixo, había un problema de seguridade, de tráfico e os comerciantes non o querían. Hoxe non hai problema, foi por evitar problemas de seguridade o motivo do cambio a actual ubicación da feira. Os pais e nais dos nenos do colexio da Alameda tamén plantexaban un problema de seguridade, toda a feira non cabe na Alameda. Os ambulantes non queren a feira sen o seu vehículo a carón deles. Non hai feira sen feirantes, non toman a decisión final , pero son moi importantes. Os feirantes teñen un comportamento exemplar co concello. Non estamos en contra de alternativas pero hai que ser cautos, se pode chegar a un acordo, abriremos unha quenda de consultas. Nos imos a abster.

Sometido a votación o ditame da Comisión Informativa co seguinte resultado seis votos a prol (PP, BNG) e 7 abstencións (PSOE, RBC e CxG, CC-TT), quedando aprobada por maioría ordinaria.

7.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMUN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA ACTUALICE E MELLORE AS SÚAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 1 E 8º : A ORDENANZA FISCAL DO IBI E O FAGA MÁIS XUSTO PARA A CIDADANÍA FRONTE AO CATASTRAZO E A ORDENANZA DA TAXA MUNICIPAL DE SUMIDOIROS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Esta é unha iniciativa para reducir a carga fiscal do denominado catastrazo que no noso municipio afectou de cheo a moita veciñanza, chegando a sangrar fiscalmente a numerosas familias de Ribadavia.

O procedemento de regularización catastral afectou especialmente a aquelas persoas que habitan nas parroquias de Ribadavia, danando gravemente ás familias que posúen por exemplo unha adega ou galpón de labranza que tiñan sen regularizar no catastro, cobrándolles agora os últimos 4 anos.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Todo este proceso do chamado Catastrazo estivo caracterizado pola falta de información diante da suba desorbitada dos pagos por regularizacións catastrais que afectou a moita veciñanza.

Desde o goberno local tññase coñecemento de que esta taxa se ía producir, e que ademais de afectar á suba do valor de cada unidade inmobiliaria a regularizar, tamén se incrementarían impostos coma o IRPF, o imposto de sucesións e doazóns ou aqueles de carácter municipal como o IBI, as plusvalías e a taxa de sumidoiros.

Esta está sendo unha cuestión de actualidade no municipio de Ribadavia, xa que lles está afectando de cheo ás familias que primeiro sufriron o chamado catastrazo e que agora volven sufrir un novo agravio por parte do Concello co cobro desmesurado da Taxa de sumidoiros, xa que en Ribadavia a base do gravame desta taxa está marcada en función do valor catastral dos inmobles.

O noso grupo ten recibido numerosas peticións para que desde o goberno local se actúe en favor dos intereses da veciñanza fronte a esta mal chamada regularización, por iso traemos esta proposta ao Pleno para a súa aprobación.

Datos

Os datos existentes no noso Concello son os seguintes: As liquidacións afectaron a un total de 759 unidades, situadas en solo urbano (período 2014-1988), supoñendo un ingreso para o noso Concello por un importe de 250.469,52 euros (derivado da actualización catastral dos últimos 4 anos).

Dándose un incremento de 165.076,28 euros no padrón en solo urbano na comparativa entre os anos 2014: 667.979,93 euros e o 2015: 833.056,21 euros.

Propostas

Solicitamos unha baixa no tipo de gravame do IBI e establecer o máximo permitido de bonificación do 90% para bens inmobles de actividades agrícolas.

Pedimos que se aprobe un Regulamento, sempre que a lei o permita, de beneficios para o futuro pago da cota do IBI a persoas empadroadas en Ribadavia cuns determinados requisitos, encamiñadas a minorar a presión fiscal do temido catastrazo como resposta ao pago que tiveron que facer numerosa veciñanza nos dous últimos exercicios (2015 e 2016) diante da chegada dos recibos para pagar os atrasos do IBI dos últimos catro anos (xa que aos catro anos prescribe).



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

O goberno local nunca se preocupou por paliar os efectos desta suba desorbitada á que se teñen que enfrontar os contribuíntes, e foi consentidor, xa que o goberno local nunca quixo actuar no que atinxe ás competencias municipais, mentres moitas persoas se atopaban cunha situación na que apenas se lles ofreceu ningún tipo de información nin asesoramento.

É certo que este imposto é froito da regularización catastral estatal, pero tamén o é que se poden adoptar desde o concellos medidas concretas para diminuír os seus efectos. O goberno local de Ribadavia nada fixo e foi cómplice interesado.

Ademais da desinformación que existiu por parte do goberno local, hai que destacar que esta medida é un ataque frontal desde o Ministerio de Facenda contra moitas familias galegas e contra o rural galego, afogando a economía familiar de moitas casas.

Medidas e Bonificacións

Unha primeira medida proposta é a modificación da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do IBI, no seu artigo 12 a) propoñendo reducir os tipos de gravame do IBI do actual 0,6% para os bens inmobles de natureza urbana ao 0,4% (o mínimo que permite a lei).

Si ben é certo que para os bens inmobles de natureza rústica xa está no mínimo legal de 0,3%, poderíase sen embargo aumentar os suxeitos obxecto da bonificación do 95% que na actualidade só beneficia a cooperativas agrarias e explotacións comunitarias da terra, aumentando a bonificación (do 90%) a actividades agrarias, gandeiras e forestais en xeral, tal e como recolle o artigo 74 (Bonificacións potestativas) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

O mesmo artigo 74 recolle bonificacións potestativas para suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

O aumento das bonificacións para inmobles urbanos situados na área comprendida como Conxunto Histórico Artístico pode e debe ser outra das medidas.

Un agravio para numerosa veciñanza

Propoñemos que se constituía unha Comisión mista de técnicos e concelleiros de todos os grupos, co obxecto de aprobar ferramentas legais para evitar, na medida do posible, os efectos retroactivos das catro anualidades anteriores a través de medidas que beneficien, de acordo a lei, a que esta veciñanza afronte no vindeiro exercicio o Imposto



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

de Bens Inmóbeis e a Taxa de sumidoiros, sempre que se trate da súa vivenda habitual e a renda da unidade familiar non supere 3 veces o IPREM.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Que o Concello de Ribadavia realice unha baixada no tipo de gravame do IBI coa modificación da Ordenanza Fiscal número 1 reguladora do IBI, no seu artigo 12 a) reducindo os tipos de gravame do IBI do actual 0,6% para os bens inmóbeis de natureza urbana ao 0,4%.

2. Que o Concello de Ribadavia estableza un artigo novo na mesma Ordenanza co máximo permitido de bonificación do 90% para os bens inmóbeis de actividades agrícolas, gandeiras e forestais. Aumentando así os suxeitos beneficiados da bonificación do artigo 13.3 que na actualidade afecta só a bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria de terra.

3. Que o Concello de Ribadavia estableza un artigo novo na mesma Ordenanza con Bonificacións potestativas, destinadas o máximo permitido de bonificación do 90% para os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa.

4. Que o Concello de Ribadavia estableza no seu artigo 13.2 da mesma Ordenanza o máximo permitido de bonificación do 95% para os bens inmóbeis urbanos situados na área comprendida como Conxunto Histórico Artístico. Aumentando así o seguinte cadro actual: Protección integral: do 50% actual a 95% . Protección estrutural: do 40% a 80%. Protección ambiental: do 20% a 50%.

5. Que o Concello de Ribadavia cree unha Comisión co obxectivo de estudar e aprobar ferramentas, de acordo a lei, que beneficien e minoricen o agravio que sufriu a numerosa veciñanza nos dous últimos exercicios (2015 e 2016) diante da chegada dos recibos para pagar os atrasos do IBI dos últimos catro anos (Catastrazo), estudar e aprobar ferramentas para o pago do próximo exercicio da cota do Imposto de Bens Inmóbeis a persoas empadroadas no Concello de Ribadavia, sempre que se trate da súa vivenda habitual e que a renda da unidade familiar non supere 3 veces o IPREM.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

6. Que o Concello de Ribadavia cree unha Comisión encargada de modificar a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa de Sumidoiros para que deixe de establecerse a base do gravame en función do valor catastral dos inmobles. E se actualice esta taxa que data do ano 1993 e se adapte á realidade da Ribadavia actual.

7. Que o Concello de Ribadavia, co obxectivo de evitar un novo ataque contra os afectados polo Catastrazo a través do pago da Taxa reguladora de Sumidoiros, cree unha Comisión co obxectivo de estudar e aprobar ferramentas, de acordo a lei, que beneficien e minoricen o agravio para o pago do próximo exercicio Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa de Sumidoiros, sempre que se trate da súa vivenda habitual e que a renda da unidade familiar non supere 3 veces o IPREM.

D Brais Fidalgo indica que a moción ven motivada polo chamado catastrazo. A ordenanza da taxa de sumidoiros, en moitos concellos va en función do uso a que se adica o local, en Ribadavia va en función do valor catastral o que pode non resultar xusto. Respecto ao catastro, a mal chamada actualización foi inxusta en moitos casos. No ano 2018 había que compensar o que supuso para moitos veciños. Habería que aumentar as bonificacións potestativas.

De seguido, tras breves intervencións dos presentes, sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Agrupación de Electores Ribeiro en Común), reserváanse para o Pleno (P.S.O.E., Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, P.P. e B.N.G.). Por conseguinte por maioría simple fica ditaminada

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- É unha moción con dúas cuestións distintas íntimamente ligadas, o imposto de bens inmobles e a Ordenanza de sumidoiros que se calcula en base ao valor catastral. En decembro de 2013 a xunta de goberno local demanda á Delegación do Catastro que se inclúa a Ribadavia na actualización catastral, para o noso grupo é unha suba desproporcionada dos impostos. Non é unha cuestión de Facenda, do Ministerio, só o é en parte. Isto ven da época de Aznar. Hai ferramentas para paliar o feito nos últimos exercicios e aminorar a sangría dos últimos anos, se pode reducir o tipo do IBI. As bonificacións da actual ordenanza son moi cativas, a bonificación para as vivendas do casco antigo é moi cativa, se debe aumentar. A lei prevé unha bonificación para as familias numerosas.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Hai que crear unha comisión sobre este tema, a corporación é plural e heteróxenea , o goberno non ten maioría absoluta e ten que chegar a acordos. A Comisión tería tres labores, as posibles axudas de acordo a lei, medidas para aminorar o catastrazo e unha nova ordenanza da taxa de sumidoiros , non en función do valor catastral senón en función do uso do inmovible.

Esta é unha proposta base , aberta a modificacións e propostas dos outros grupos; gustaríame que a futura ordenanza fose fiel a esta moción.

D Manuel Vázquez López (CxG, CC-TT).- Nos imos a abster, o espírito da moción é o ben dos veciños, pero tería que ser máis rigurosa.

O plan xeral está a punto de aprobarse . co cal se van a modificar as bases impositivas. Existe un plan de axuste do ministerio que obriga a manter os ingresos.

Respecto á bonificación do 90% a actividades agrícolas e gandeiras o que dí a lei é que é posible sempre que a infraestrutura sexa inferior a outras zonas do municipio.

Nos parece ben o das familias numerosas.

No casco histórico xa hai bonificacións.

Unha vez aprobado o Plan Xeral se poderían aprobar as condicións con respecto ao plan de axuste que obriga a manter os ingresos.

Coa taxa de sumidoiros habería que modificar a ordenanza. Habería que constituir unha mesa de traballo para tratar estas cuestións unha vez aprobado o plan xeral. Tamén é certo que, nalgúns casos, había vivendas e garaxes que nunca declararían e se repercutiu eses catro anos.

D Xacobe García Soto (BNG).- Imos votar a favor, cando chegaron as cartas notificando os valores catastrais nos reunimos cos veciños. O alcalde decía que había obras non dadas de alta, o catastrazo foi unha persecución de galiñeiros, con moita repercusión para o bolsillo familiar. Se aprobou unha moción sobre esta cuestión, crear unha comisión para estudar posibles cambios no IBI para ser máis xusto e dar facilidade de pago ás familias sen ingresos , non se cumpriu .

D César Manuel Fernández Gil (PP).- É unha moción complexa con moitos puntos. Hai unha cuestión que mencionar, podería ser o momento acaído para revisar a ordenanza, o goberno fala dun superávit de máis de 400.000 euros , o que xustificaría a rebaixa da presión fiscal. Aínda que se aprobe a moción despois habería que facer a ordenanza.

O noso voto vai a ser a favor.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Ogallá non se cobrase ningún imposto, outra cousa é a realidade. Aprobemos o que aprobemos non é posible levalo á práctica. Ribadavia está sometida a un plan de axuste , a rebaixa do tipo impositivo que se propón , suporía unha redución de ingresos de 350.000 euros; habería que reducir os gastos ou incrementar outros impostos nesa cantidade.

Este goberno sempre tentou non incrementar os impostos, foron doce anos sen variar o tipo e vinte sen modificar os valores catastrais. Ao aprobar o plan xeral se podería contemplar porque se van a revalorizar todas as propiedades. O proponente da moción



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

podería decirnos onde reducir o gasto. Hai sentenzas do Tribunal Supremo e dos Tribunais superiores que anulan acordos como o que se propón. O imposto con máis repercusión na recadación é o IBI; se acorde o que se acorde non resulta viable. O remanente de tesorería pode pasar a ser negativo cunha medida de este tipo.

O casco histórico xa ten bonificacións.

No tema dos sumidoiros estamos de acordo, a regulación pode ser anticuada, pagar polo valor catastral pode ser inxusto.

O concello non pode reducir 350.000 euros os ingresos, sen reducir o gasto de forma correlativa.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Eiquí se están misturando allos con bugallos. Non se fala da nova ponencia de valores que vai suponer suculentos ingresos, eiquí se fala de implementar medidas para o ano 2018. En maio se ía aprobar o plan xeral, vai a estar vixente no ano 2018. Se fala de medidas para o ano 2018. RBC trae esta proposta que é rigurosa e con base na normativa. Na moción se fala de acordo coa lei, xa sabemos que non se pode facer unha liña de axudas aos afectados polo catastrazo. O catastrazo foi por un decreto de Madrid, cunha propina de 50 euros para a empresa que fixo o traballo. Foi unha norma inxusta para Galicia, O Ribeiro e Ribadavia.

Non é o mesmo galpóns que vivendas ou chalets, non é o mesmo. O sistema de propiedade é distinto en Galicia que en Madrid. Este grupo investigou as subidas desmesuradas, en algún caso de ata o 5000%. O concello non informou, houbo veciños que fixeron reclamacións no catastro, sen ningunha información. Non falamos de quen non dera de alta segundas residencias, falamos de familias cunha única vivenda. O concelleiro de Facenda podería facer outras propostas de gravame, a moción está aberta ás propostas do goberno.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- O concello pode variar o tipo impositivo , pero non fixa o valor do m2 de chalet, galpón , etcétera... O concello non decide a ponencia de valores. A redución dos ingresos en 350.000 euros, de forma inexcusable, polo plan de axuste , requiriría unha redución do gasto ou aumento do ingreso da mesma cantidade. O concello non ten capacidade para facer iso. Se hai unha actualización dos valores se podería estudar a redución do tipo, a ponencia de valores a fixan organismos alleos ao concello. Pasada a urxencia do plan de viabilidade , habería un colchón para afrontar créditos , os concellerios tamén pagamos impostos como os demais veciños, os ingresos son para o concello . Estamos de acordo no tema dos sumidoiros.

Alcalde.- Se abrirá un estudo sobre o tema, por responsabilidade nos imos abster. É asombrosa a votación do PP, é lóxico o voto de BNG e RBC, para buscar o apoio veciñal, decirlle aos veciños que se van a reducir impostos. Don Javier Iglesias Sendín é o mellor concelleiro de Facenda que tivo o concello de Ribadavia, dende a chegada da democracia, é unha cuestión obxectiva e , ademais , a coste cero.

Quen nos somete a un plan de axuste é o PP, que ademais decía que era moi bó para as arcas do concello, e agora votan unha medida que vai radicalmente contra o plan de axuste, descoñecendo o que eles mesmos impuxeron. Insistir en que a ponencia de valores non a fai o concello.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Co acordo con Compromiso por Galicia se adoptaron por este goberno dúas medidas importantes, a rebaixa do Imposto de vehículos de máis de vinte e cinco anos e as becas para estudantes. Tamén se baixou o imposto de construcións aos comerciantes no casco histórico. Leccións en este aspecto non se nos pode dar ningunha.

Cando trouxemos o de gravar aos caxeiros automáticos díxose que era unha ocorrencia, agora algúns gobernos municipais o levan para este ano como unha gran novidade, nos levamos seis anos con iso.

O PP quería que se botasen traballadores á rúa, o tivo que soportar este goberno, nos tivemos que adaptar a cuestións que considerábase inxustas porque viñan impostas. Podería haber unha fórmula estupenda para solventar esta cuestión, unha financiación acaída para os concellos. Ese debería ser o verdadeiro debate. É verdade que o catastro para moitos resulta inxusto; non é certo que o concello non asesorara e axudara aos veciños, houbo un punto de información catastral que asesorou e axudou. Tamén é verdade, que hai xente que durante moitos anos non pagou por edificacións importantes. A Lei de Estabilidade Orzamentaria a fixo o goberno do PP de Madrid, unha lei que non da financiación, recorta servizos, por iso non se entende o voto do PP nesta cuestión.

Non entendo algunha das clases de gobernar o concello. Xa veremos, se chega ao goberno, cómo o PP vai abordar as finanzas do concello sen incrementar ningunha taxa.

Se hai un superávit de 400.000 euros e se aprobou o orzamento é porque se fixeron ben as cousas. Nunha reunión os propios alcaldes do PP decían, sobre o retraso dos pagos da Xunta, que os concellos non poden ser os bancos da Xunta. A este concello a Xunta lle debe 600.000 euros por subvencións do ano pasado.

Sometido a votación o ditame da Comisión Informativa obténse o seguinte resultado a favor sete votos (PP, BNG e RBC) e abstención seis (PSOE e CxG, CC-TT) co cal queda aprobada por maioría absoluta.

8.-MODIFICACIÓN DO HORARIO DOS PLENOS.

Visto o artigo 87 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais :” Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, terá que respectar o principio de unidade de acto e procurarase que termine no mesmo día do seu comenzo. Si éste terminase sin que se tiveran debatido e resolto todos os asuntos incluídos na orde do día, o presidente poderá levantar a sesión.”

Considerando que, a data, o pleno do concello de Ribadavia está integrado por cinco grupos políticos, o que conleva cinco turnos de intervención en cada punto a tratar, e coa finalidade de facilitar que os diversos grupos poidan intervir sen innecesarias limitacións de tempo motivadas porque non se poidan adoptar acordos sobre todos os puntos incluídos nas ordes do día e, no seu caso, nas posibles mocións de urxencia, é dicir, para facilitar a expresión da opinión dos diversos concelleiros e concelleiras e o seu dereito de participación política no que se expresa a representación da veciñanza de Ribadavia.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Propoño:

-Aprobar inicialmente a modificación o artigo 20 do Regulamento orgánico municipal do concello de Ribadavia ,Réxime de sesións do pleno, propoñéndose a seguinte redacción:

“1 O pleno da Corporación reunirse en sesión ordinaria con periodicidade mensual , excepto no mes de agosto. As sesións terán lugar o derradeiro xoves de cada mes e iniciaranse ás 19:00 horas.

-Someter dito acordo información pública polo prazo de trinta días a contar dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da provincia a efecto de presentación de reclamacións e suxerencias.

No caso de non presentarse ningunha reclamación ou suxerencia o acordo entenderase definitivamente adoptado.

Alcalde.- Este tema xa expliquei o motivo o outro día, o acordo debería ser unánime , se non hai acordo de todos o deixamos enriba da mesa.

Queda aprobada por unanimidade a urxencia e a moción.

9.-PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE O PROXECTO DE RENOVACIÓN E INSTALACIÓN DE CANALIZACIÓNS E BEIRARRÚAS NO TRAMO URBANO DA ESTRADA DO CARBALLIÑO NA ZONA DE SAN CRISTOVO.

Con data 13-12-2007 presentouse no rexistro da Conselleria o proxecto de renovación e instalación de canalizacións e beirarrúas no tramo urbano da estrada do Carballiño na zona de San Cristovo.

En varias ocasións o Pleno do Concello aprobou sendas propostas soliciando dita actuación, en concreto na sesión ordinaria do Pleno de data 26.04.2012 e 26.03.2016, acordo adoptados por unanimidade, os cáles se lles fixo caso omiso.

Durante estes anos fixéronse diversos informes, en concreto por parte dos servizos técnicos municipais no que informa do estado das beirarrúas da localidade de San Cristovo, así como diversos informes de Aqualia, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento do Concello.

Dado o estado da actual rede, a cál é de fibrocemento estando as mesmas obsoletas debido o envellecemento do material, a parte de producir unha reducida capacidade hidráulica o que está a conlevar frecuentes roturas e averías na rede, faise necesario nesa zona acometer con carácter prioritario as obras para o soterramento de todos os servizos urbans (abastecemento, saneamento, pluviais, gas, alumeado e



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

telecomunicacións). Recentemente produxéronse diversas roturas cos conseguintes perxuízos para os veciños así como tamén para os usuarios da vía.

E competencia da Xunta de Galicia a conservación e matemento das vías da súa titularidade. Polo tanto e dada a situación na que se atopan as referenciadas e co obxecto de mellora a situación dese tramo a seu paso por una poboación e a fin evitar tanto danos os vehículos como os peons que circulan polas mesmas faise necesaria unha pronta intervención.

Por todo iso, o Pleno

ACORDA

PRIMEIRO.- Instar novamente a Xunta de Galicia para que proceda a aprobación do proxecto presentado no seu día, de xeito que culmine coa licitación e a súa posterior execución, xa que o que non podemos e permitir que no século XXI teñamos veciños que en pleno núcleo urban que non dispoñan dos servizos mínimos para alcanzar unhas condicións dignas de vida.

SEGUNDO.- Solicitar a Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio, informe sobre se as roturas, averías que se están a producir constantemente afectan a seguridade vial da estrada de titularidade autonómica, e no caso que así sexa e debido a falta de conservación e mantemento da mesma o Concello exímese de calquera responsabilidade na que poidera incurrir.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

D Javier Iglesias Sendín explica que a urxencia ven motivada porque se produxeron dúas roturas dende o día das Comisións informativas. Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

D Javier Iglesias Sendín.- Esta moción xa se presentou reiteradamente, a problemática se repite pese as correccións. Con chaves sectorais se corrixe máis a cuestión. San Cristovo ten 4,8 de presión, algunhas zonas ten problema. A sección é de 70 milímetros, e o PVC é de corenta milímetros, a instalación é obsoleta. É unha infraestrutura imprescindible. A Xunta nunha conversa me dixo que ten que ser César Alcalde para que se efectúe a reparación, eu non lle teño apego ao sillón. É unha obra necesaria e xusta, o canon da auga debería destinarse a este tipo de actuacións.

D Manuel Vázquez López.- Estamos a favor, pediría que os representantes no Parlamento fixeran un esforzo con Augas de Galicia para este proxecto.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Estamos de acordo, non entendemos que sexa de urxencia, é unha cuestión xa sabida. É moi recorrente a necesidade de nova captación e non se fala de que a rede é moi obsoleta, non só en San Cristovo, tamén en Francelos



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ou na parte medieval, As Chavolas, Sanín, barrio de San Lázaro, etcétera... Creemos que é a punta do iceberg , hai que mellorar a xestión da auga, non cabe a prórroga a FCC Aqualia sen contraprestacións ou se municipaliza ou se fai un novo proceso de contratación.

D Xacobe García Soto (BNG).- É unha moción ben traída e das problemáticas que máis lle preocupan aos veciños de San Cristovo, as beirarrúas e as redes de abastecemento.Hai que buscar outros modelos máis eficientes de xestión.Este tema como Sanín e A Groba depende da capacidade de xestión do concello e non de Aqualia. O concello non ten capacidade económica , hai que pelear coas Administracións que ten esa capacidade de inversión.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- Estamos a favor ,non entro en ese comentario de broma sobre a alcaldía. Me vou a centrar na moción que é seria; cada administración ten a súa competencia , nos presentamos suxerencias para o orzamento, se pedía partida orzamentaria para as redes de abastecemento en San Cristovo ,Sanín e A Groba , que é unha competencia municipal , tal e como dispón o artigo 25.2.c) da Lei de Bases de Réxime Local. Esas propostas foron rexeitadas, logo se dice que non presentamos suxerencias ao orzamento. En reiteradas ocasións pedimos que se sacase a licitación un novo contrato de xestión de auga e poñer nos pregos a realización de novas redes de saneamento. O goberno ten que gobernar e a oposición facer oposición , cada un ten o seu papel. Nos sempre que se trouxo esta cuestión estivemos a favor.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Atendemos todas as propostas que podemos, según a capacidade económica, como na rúa Muñoz Calero que antes era autonómica. Eiquí o problema é o que está debaixo da rúa o saneamento e o abastecemento. Eiquí coinciden as dúas cuestións, hai filtracións , hai un deterioro. Se fan mencións aos orzamentos, a Aqualia, pero non se fala de quen ten competencias que é Augas de Galicia. É necesaria unha actuación integral, non sería tan costoso.Hoxe se pedía unha nova captación a Confederación Hidrográfica en Rebordáns. O fibrocemento produce bolsas de auga, tería que ser unha prioridade para a Xunta.

Alcalde.- Unha aclaración a urxencia é porque esta semana se produciron varias roturas. A consellería competente , titular da estrada, chama para decir que se arranxe que afecta á seguridade vial, o dice a Administración competente. Eu estou cansado de chamar a porta da Xunta para pedir esta inversión. Non se lle pode botar a culpa ao Alcalde cando a competencia é da Xunta, que recada moito en Ribadavia. Esta inversión se solicitou catro ou cinco veces por escrito. Se lle notifica á Xunta cada vez que hai unha deficiencia nunha rúa pública de titularidade autonómica. O concello non pode actuar nunha rúa de titularidade autonómica, si se abre unha zanja hai unha advertencia inmediata da consellería. As inversións de outras administracións non as pode asumir unha empresa privada.

Sometida a votación a moción fica aprobada por unanimidade.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

10.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE RIBADAVIA SOLICITANDO A ELABORACIÓN INMEDIATA DUNHA ORDENANZA REGULADORA DO USO DA ÁREA DE AUTOCARAVANAS.

Na pasada Semana Santa entraba en servizo unha nova área de autocaravanas no concello de Ribadavia, situada no antigo campo da feira. Nestas primeiras datas de funcionamento da mesma tivemos a ocasión de comprobar que se fai imprescindible a redacción dunha ordenanza que regule o uso da mesma.

Hai que sinalar que nestas datas de Semana Santa vimos como nesta área chegaron a estacionar turismos con remolque caravana e cabezas tractoras de trailer, e ata cegamos a ver como se desplegaron electrodomésticos como lavadoras no chan, cuestións todas estas que distan moito, ao noso entender do que debe ser a ocupación e uso dun área destas características.

Unha vez que dende o goberno municipal nos comunicaron, nas pasadas comisións informativas, que se ía celebrar unha inauguración oficial desta área a finais de maio, entendemos que non debe demorarse a redacción dunha ordenanza que regule o uso desta área. Estamos a falar dunha ordenanza que defina claramente o tipo de vehículos que poden utilizar a área, os prazos máximos de permanencia na mesma, e unha serie de normas básicas como a imposibilidade de estacionar ocupando as zonas destinadas a manobra ou a vaciado de depósitos, así como as sancións que correspondería imponer a quen faga un uso indebido desta área.

Dende o grupo municipal do Partido Popular de Ribadavia consideramos que a existencia dunha ordenanza reguladora deste espazo contribúe a aportar seguridade xurídica ao concello, pois regula o uso e establece o réxime sancionador do incumprimento deste uso, pero tamén outorga seguridade xurídica aos usuarios, xa que lles permite coñecer de primeira man os seus dereitos e as súas obrigas como usuarios desta área.

Acordase:

1 Instar ao goberno municipal a convocar de xeito inmediato aos grupos municipais para redactar unha ordenanza reguladora do uso da área de autocaravanas que deberá traerse á aprobación do pleno municipal, ao máis tardar, na vindeira sesión ordinaria.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- A urxencia é evidente, se vai a facer a inauguración oficial da área de autocaravanas a finais de maio.

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

D César Manuel Fernández Gil (PP).- O que se solicita é unha ordenanza para regular o tema. Definir o tipo de vehículos admisibles, os prazos máximos de permanencia, as zonas de vaciado, un réxime sancionador, que pode ser disuasorio e



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

outorga seguridade xurídica á policía local e aos propios usuarios.

D Manuel Vázquez López (PP).- Paréceme ben , estou a favor; que haxa unha xunta de portavoces para elaborar a ordenanza.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Tratamos esta cuestión co concelleiro responsable, e se nos emplazou para despois de semana santa. Hai un uso indebido, o noso grupo demandou verbalmente a ordenanza e que estivese para este pleno. Estamos de acordo co espírito da moción. Que se traia a o antes posible e de maneira consensuada.

D Xacobe García Soto (BNG).- Vai a haber un número alto de usuarios, a ordenanza se podería consensuar cos usuarios , que poderían aportar información.

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Estamos traballando en esto, a intención e traer a ordenanza para o próximo pleno. O xefe da policía local está elaborando un borrador.

Sometida a votación a proposta resulta aprobada por unanimidade.

11.-MOCION CONXUNTA DO GRUPOS MUNICIPAIS DO P.SdeG-PSOE, P.P., B.N.G., AGRUPACION DE ELECTORES RIBEIRO EN COMUN E COMPROMISO POR GALICIA-CONCELLOS TRANSPARENTES SOBRE OS DANOS OCASIONADOS NOS VIÑEDOS POLAS XEADAS DOS PASADOS DIAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Debido os fenómenos atmosféricos (xeadas) acontecidas estes dias na comarca do Ribeiro, os cáles están a producir danos cuantiosos nos viñedos correspondentes a denominación de orixe "Ribeiro", producindo unha merma nos agricultores nas súa producións e nos seus rendementos que en moitos casos poderá chegar o 100% do seu rendimento.

So é preciso darse unha volta polas inmediacións de Ribadavia e camiñar ao pé do Avia para darse conta da situación que nos deixa este acontecemento. A espera de datos oficiais, a realidade que se nos presenta e que parte da colleita do 2017 perdeuse.

Hai que ter en conta que o sector vitivinicola ten unha importante repercusión económica no Concello de Ribadavia e a nosa comarca, de tal xeito que a meirande parte da veciñanza se adica ao cultivo da vide ben como primeira actividade profesional, ou ben cono segunda actividade ou complemento doutra actividade profesional.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Por elo entendemos que ante esta situación, se dan as condicións necesarias para que por parte dos organismos oficiais se habiliten axudas especiais para poder paliar os danos ocasionados.

Así tanto a Administración autonómica como a Deputación Provincial deben adoptar medidas con obxecto de paliar dita situación, establecendo liñas de axudas para os viticultores afectados na comarca do Ribeiro, cuestión que si se fixeron noutros casos similares noutros territorios.

Por todo iso, propónse o Pleno o seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.- Instar a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, a impulsar unha liña de axudas extraordinarias para os viticultores, colleiteiros e adegueiros que sufriran este problema de xeito mais acúsante.

SEGUNDO.- Instar a Xunta de Galiza para que envíe técnicos co obxecto de realizar unha valoración dos danos acontecidos.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordos a Xunta de Galicia-Consellería de Medio Rural, Deputación Provincial de Ourense, Consello Regulador e Concellos da Denominación de Orixe Ribeiro.-

Alcalde.- Hai tres mocións presentadas co mesmo espírito en relación coas xeadas de esta madrugada, de PSOE, PP e BNG. Proponho que sen entrar en debates se faga unha moción conxunta. Tamén resultaría acaído co texto da moción facer unha declaración institucional e entregarlla en man á conselleira o sábado na inauguración da feira.

A moción queda aprobada por unanimidade.

ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Despois de que nas última sesións plenarias do Concello de Ribadavia, febreiro e marzo, os rogos e preguntas formuladas sen rexistro previo , quedarán sen resposta por parte do señor Alcalde-presidente, sendo isto cuestión de agravio e discriminación ao ser o único grupo municipal que empregando a mesma fórmula non foi respondido por parte do Alcalde- presidente , residindo a causa desta actitude única e exclusivamente en posicións diverxentes manifestadas na normalidade do pleno, non sendo causa obxectiva para non responder ás mesmas. A pesar diso , o señor Alcalde ten a norma na súa man, polo que para a sesión do Pleno



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

municipal do mes de abril rexistramos os seguintes rogos e preguntas para que se teñan en conta.

Alcalde.- Quero aclarar que eu uso a fórmula de contestar por escrito ás preguntas do voceiro de Ribeiro en Común porque me dixo que lle transmitira todo por escrito. non hai problema en variar a fórmula. Dos rogos tomamos nota, algún xa está feito.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O que vostede dice non é exactamente así. Algúns rogos se repiten porque non consta que se aceptaran. As preguntas do pleno anterior non se contestaron por escrito. Menciono de forma especial dous rogos; un que foi moción o pleno anterior relativo aos postos da praza de abastos, se pedía que se sacaran a concurso os postos ,non que se abriera un listado de posibles interesados, esa medida non é leal coa moción aprobada no pleno. Outro rogo é relativo á empresa das termas de Preixegueiro , fai seis meses se aprobou unha moción instando a empresa a cumprir o contrato.

Alcalde.- Lea os rogos para que non diga que non somos democráticos.

Rogos

- 1- Que se dispoñan na páxina Web do concello todos os plenos grabados.
- 2- No edificio principal da rúa Muñoz Calero antigas casas sociais existe un problema de seguridade nun depósito , polo que pedimos que desde o concello se inicien os trámites para a súa retirada.
- 3- Na vila do Carballiño , no límite Carballiño –Maside , desapareceu o sinal indicativa de Ribadavia, pedimos que se inicien os trámites para a súa reposición.
- 4- Copia do proxecto e contía do proxecto do Parque dos xardinillos, anunciado na prensa e nas redes sociais , do cal os grupos da oposición non temos ningunha información.

- Despois de que fora aprobada a Moción presentada polo noso Grupo respecto á Praza de Abastos de Ribadavia , o pleno do concello de Ribadavia, aprobou o seguinte acordo:

- Que o Concello de Ribadavia aplique a normativa existente e inicie un procedemento de adxudicación aberto e público, é dicir, o da adxudicación por libre concorrencia, para todos os postos libres da Praza de Abastos municipal de Ribadavia. Co fin de darlle a oportunidade en condicións de



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

igualdade e libre concorrència a todas as persoas, veciñas ou non, sempre que se beneficien os censados, que desexen instalarse no mercado municipal.

- Que o procedemento aberto se inicie o antes posible, co fin de evitar máis prexuízos á cidadanía interesada na ocupación e uso deste espazo municipal.
- Que dito procedemento sexa levado a cabo para todos os postos que se soliciten desde o ano 2017 en diante, sen carácter retroactivo dos postos adxudicados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017, para non crear máis inseguridade xurídica.
- Que se faga promoción de maneira aberta e pública da oferta de postos no mercado municipal. Que se cree un rexistro público de demandantes.
- Que se convoque e reformule a chamada Mesa do Comercio con funcións de coordinación e organización no propio Mercado Municipal. Que se incorpore un representante de todos os grupos municipais, e se convoque trimestralmente. Que esta Mesa do Comercio teña funcións de coordinación e organización do propio mercado, e que supervise e controle o seu funcionamento: actualización da normativa do mercado de abastos á realidade vixente, funcionamento axeitado no seu interior, limpeza dos espazos comúns por parte do Concello e vixilancia do mercado, publicidade e difusión do mercado e dos seus comercios.

Solicitamos se leven a cabo e se executen todos os puntos da Moción aprobada no pleno do mes de marzo , e non o decidido en Xunta de goberno local de abri “ un listado de persoas interesadas”, que non é leal co aprobado no pleno.

6 Despois de que no pleno do mes de outubro de 2016 , fai 6 meses, no cal se aprobou a moción presentada polo noso Grupo respecto ao cumprimento por parte da empresa concesionaria de Termas de Prexigueiro, solicitamos se cumpran os puntos de dita Moción acordados e aprobados polo pleno do concello de Ribadavia:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1. Que se faga cumprir as cláusulas do Contrato de explotación das Termas de Prexigueiro, entre as cales inclúese o compromiso da empresa de realizar dúas pozas na zona exterior do balneario para uso público.

2. Se reforme e arranxen as zonas da ribeira do Complexo Termal de Prexigueiro, para dotar a dito complexo dunha parte pública que sexa complementaria da actualmente existente.

3. Se fixe nas actuais termas de Prexigueiro un punto de información turístico relativo á publicidade e anuncio da vila de Ribadavia e dos recursos turísticos, patrimoniais e culturais do municipio de Ribadavia.

4. Que se elabore un Plan de turismo que inclúa unha análise DAFO do turismo en Ribadavia co obxectivo de trazar as principais liñas de intervención pública para o desenvolvemento do turismo en Ribadavia como sector económico".

5. Se convoque por parte do Presidente a xuntaza da Fundación Termas de Prexigueiro, tal e como se ten demandado no último ano por parte dos grupos.

8 Solicitamos copia do informe realizado pola empresa concesionaria Aqualia sobre a nova captación , tal e como foi solicitado en Comisións Informativas e así acordado xa co concelleiro titular.

6. Ademais de publicitar a ordenanza de limpeza de terreos e fincas , pedimos se leven a cabo comunicacións a propietarios/as de fincas que non cumpran a normativa e se consideren de potencial perigo, antes de proceder a ordenar a execución subsidiaria con cargo o interesado dos custos.

7. Se proceda á retirada de restos de obras e pedras existente no campo da feira, lugar do novo parque de autocaravanas. O mesmo para a parte traseira do cemiterio situado no propio campo da feira.

8. Reiteramos a petición da convocatoria da comisión de tráfico, aís como tamén se leven a cabo os pasos de peóns na avda de Redondela xa solicitado en reiteradas ocasións, e se modifique o existente a saída da Praza Maior, cambiando os colectores de lixo existentes , así como tamén se vixíen os aparcamentos para minusválidos.

9. Reiteramos se arranxen os contenedores soterrados que fican sen arranxar e permanencen clausurados.

10 Reiteramos o arranxo das fontes do municipio de Ribadavia ,sendo un acordo plenario no seu día a raíz dunha moción presentada polo grupo de CxG. Solicitamos o arranxo con especial significancia da fonte dos dous canos, a fonte arrastrada e se reforme e arranxe a fonte situada no parque Robla. Da mesma maneira as fontes da parroquia de Santo André.

11. Se proceda a retirar os restos de material de obra situados na travesía Ribeiro.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

13- Se inicien os trámites para recuperar os paneis de información veciñal retirados no seu día na parroquia de Santo André, e no inicio da ruta Sendeirismo ao monte Santa Marta (fronte fábrica Chao)

14-Se proceda a realizar un parque para cans na Veronza nova, tal e como solicitou este grupo este mesmo mes e da mesma maneira que existen este tipo de parques en vilas e cidades de Galicia. Se proceda ao arranxo das mesas e bancos rotos no parque da Veronza. Se proceda ao arranxo das fontes existentes no parque da Veronza que están fora de servizo.

15-Se proceda ao desbroce dos camiños forestais de A Portela e Castel de Miño en Prexigueiro. Se proceda ao desbroce do campo de Lagoa tamén en Prexigueiro.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Despois de que a estrada OU-504 o tramo da rúa Ribeiro-Carballiño pasara a titularidade do concello , e polo tanto teñamos desde o concello que asumir todos os custes íntegros das reparacións, como a acontecida recentemente fronte ao IES Ribeiro.Queremos saber cal é o custe total desta obra-reparación neste tramo que ten que asumir íntegramente o concello, e cando se estima se procederá a apertura do vial con normalidade?

D Javier Iglesias Sendín (PSOE).- Hai unha resolución de pago de alcaldía por importe de 18000 euros e o que facture o señor Carrera pola plaqueta.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Despois da moción presentada polo noso grupo e aprobada polo pleno sobre a liberación de parcelas no polígono industrial de San Cristovo.Queremos saber si se iniciou algún trámite ao respecto , en que consistiu ese trámite e cal é a situación actual de dito parque.

Alcalde.- Se falou cunha técnica de Xestur e cos propietarios das parcelas para que as limpien.

D Brais Fidalgo Martínez.- Despois da xuntanza con responsables da consellería de Educación , qué temas se trataron, e cal é a situación sobre o cambio de titularidade do pavillón de Maquiáns?

Alcalde.- Se falou cos responsables de Educación , o primeiro sería afrontar o cambio de titularidade, e se hai responsabilidade compartida, se podería utilizar no horario lectivo. O outro día chamaron da Delegación que ía venir unha técnica para abordar o cambio de titularidade e máis cuestións. Que se falaría dos gastos e de quen os asume.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

D Brais Fidalgo Martínez- Cal é a situación da vella planta de depuración situada na Franqueirán ,tomaronse algunhas medidas das solicitadas por este grupo de que se peche a entrada e se arranxe o peche roto na Estación vella de tratamento de auga potable na Franqueirán?

Alcalde.- O peche se repara, pero se volve a romper. Tanto a alambrada como a cancela se mandan arranxar.

D Brais Fidalgo.- A día de hoxe non está arranxado.

Alcalde.- Maña o mando revisar.

D Manuel Vázquez López (CxG).- Me dirixo ao concelleiro de obras ,os paneis que lle indique están no mesmo sitio. Hai un pino grande caído preto do río, os coches pasan moi xustiño no espacio que queda , está perigoso.

D Xacobe García Soto (BNG).- ¿ Por qué se mandou en papel a acta do pleno e non vía telemática? Se xenera un gasto innecesario.

Pregunto polas luces no castelo que se ían a poñer na Feira ¿ por qué ese gasto? , hai mocións ao respecto..E máis barato reponer as que existen.

Na rúa Muñoz Calero se están xenerando embalses de auga en algúns sitios, que se drague o alcantarillado.

Alcalde.- A iluminación do castelo é artística para a Feira. Respecto das acumulacións de auga, se ten solicitado unha subvención para actuar na zona.

D Celso Sotelo (PP).- Reitero todos os rogos da sesión anterior.

Na ponte de San Francisco hai un trozo de acera roto por un accidente. Na rúa San Francisco no cambio de rasante na baixada, sae auga do saneamento, enfrente hai unha árbore de grandes dimensións que necesita poda.

Hai un ferro na Alameda na baixada ao parking que se pode mancar algún.

Que se acondicione o palco da Alameda para a feira , falta unha barandilla.

A barreira de terra da Igrexa de San Andrés non se arranxou.

Fai falla un espello a saída da Praza Maior.

Non vexo a pala do concello; ¿ cal é a situación da barredoira?

O parque de Valdepereira e as aceras de Sampaio non se desbrozaron.

Fai falla unha limpeza do camiño a Sanín , a maleza o inunda.

Hai unha fuga de auga en O Castro , onde vive Maruja.

Quedouse en colocar unha boca de incendios na baixada a Igrexa.

Limpouse o camiño de Pendurado , se tirou unha pedra da fonte. Hai alí unha alcantarilla sen tapa.

O solar onde está o transformador de FENOSA está cheo de maleza.

Na toma de auga do abastecemento de Ribadavia hai moita terra na entrada.

Hai que limpiar a fachada do castelo antes da Feira do Viño.



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

Alcalde.- Quero informar sobre unha cuestión que é moi boa para todos . A empresa que xestionaba o aparcamente fixo unha reclamación contra o concello por importe de 1.720.000 euros en vía xudicial; se o xuíz a estimase tería suposto un grave prexuízo para o concello. O xuíz deulle a razón ao concello no senso de que a empresa non tiña dereito a indemnización. Quero resaltar a gran labor que fixo dende o concello o secretario , don Vicente Soto, pois como sinala expresamente a sentenza o informe do secretario do concello e do secretario da Deputación foron claves na resolución do asunto., informes profusos e ben fundamentados os califica expresamente a sentenza. Quero facer fincape no agradecemento do concello a don Vicente Soto e ao secretario da Deputación , maña no pleno da deputación lle manifestarei persoalmente o agradecemento do concello.

A sentenza é moi boa para o concello, o recurso é moi complicado.

Respecto á reclamación que facía o concello polo mal estado da instalación non nos deu a razón.

E sendo ás once horas e dez minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde-presidente levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.

ALCALDE

SECRETARIO

D José Ignacio Gómez Pérez

Francisco Fernández Castro